

BANDO INFORMATIVO

FASE 2 DA DESESCALADA NO CONCELLO DE VIANA DO BOLO

En relación á Orde do Ministerio de Sanidade 414/2020, de 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas trala declaración do estado de alarma en aplicación da **Fase 2 do Plan para a transición cara unha nova normalidade**, esta Alcaldía,

INFORMA

PRIMEIRO. A partires do luns, 25 de maio, a **Provincia de Ourense pasa á Fase 2 do Plan de Transición cara unha nova normalidade**, o que implica a libre circulación pola provincia en **grupos de até 15 persoas**, salvo convivintes.

SEGUNDO. Poderá procederse á **reapertura ó público de tódolos locais de comercio retalista e actividades de servizos profesionais** cuxa actividade fose suspendida pola declaración do Estado de Alarma.

O **aforo do local limitarase ó 40%**, e deberá manterse unha **distancia de seguridade de 2 metros**. Ademais, deberá establecerse un **horario de atención con servizo prioritario a maiores de 65 anos**. En todo caso deberá atenderse ás medidas de hixiene establecidas no artigo 11 e seguintes da Orde 414/2020.

TERCEIRO. Poderá procederse á **reapertura ó público dos establecementos de hostalaría e restauración**, salvo os locais de discotecas e bares de ocio nocturno, sempre que non se supere un 40% do aforo e se cumpran as condicións sinaladas no Capítulo IV da citada Orde.

O **consumo dentro do local** só poderá realizarse **sentado en mesa ou agrupacións de mesas**, e preferentemente **previa reserva**. En **ningún caso se admitirá o autoservizo en barra** por parte do cliente. Así mesmo, está permitido o encargo no propio establecemento de comida e bebida para levar.

A prestación do servizo nas terrazas ó aire libre continuará a realizarse dacordo coas instrucións xa sinaladas na Orde SND/399/2020, do 9 de maio.

CUARTO. Poderá procederse á **reapertura das zonas comúns de hoteis e aloxamentos turísticos**, dacordo coas condicións establecidas no Capítulo IV da Orde SND/414/2020.

QUINTO. Na **Biblioteca Pública Municipal** poderán realizarse actividades de consulta en sala, sempre que non se supere o 30% do aforo autorizado, así como facer uso dos equipos informáticos, que serán limpados despois de cada uso.

SEXTO. Nos vindeiros días procederáse á **reapertura do Pavillón Polideportivo**, previa cita e mediante a asignación dunha quenda, fora da cal non se poderá permanecer nas instalacións.

Para información ampliada e acceso á normativa, podes consultar a páxina web do Concello de Viana do Bolo (www.vianadobolo.gal).

O que se fai público para xeral coñecemento en Viana do Bolo, a 24 de maio de 2020.

O Alcalde. Secundino Fernández Fernández.

Asinado dixitalmente á marxe.

Concello de Viana do Bolo.

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120.

